



CONCELLO DE RÁBADE

Praza de 28 de maio, S/N 27.370 Rábade – LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11

DECRETO DE ALCALDÍA

Con data 19 de xuño de 2015, procedeuse mediante Decreto de Alcaldía a aprobación das bases de selección dun/ha socorrista para a área de baño fluvial do Concello de Rábade, a tempo completo por un prazo de 2 meses.

Tendo en conta que a base cuarta das bases establece que a selección do persoal se levará a cabo a través do Servizo Público de Emprego, formulándose oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Lugo.

Vista a lista de candidatos remitida polo Servizo Público de Emprego de Lugo, así como a documentación presentada polos solicitantes en cumprimento dos requisitos esixidos na base terceira que rexe a presente convocatoria.

Analizadas as solicitudes presentadas, e tendo en conta que todas cumpren cos requisitos de ter presentada documentación xeral esixida nas bases, presentar os correspondentes méritos alegados así como a presentación de fotocopia do D.N.I, polo que non proceder requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,
RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte relación **definitiva** de admitidos no procedemento de selección que se está a seguir neste Concello para a contratación dun/ha socorrista para a área de baño fluvial do Concello de Rábade, a tempo completo por un prazo de 2 meses, ao ter presentado toda a documentación esixida na base Terceira:

D.N.I	NOME
33.555.041-L	ALEJANDRO LÓPEZ DÍAZ

SEGUNDO: Proceder a nomear os seguintes empregados/as como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: D. Fernando Real Candal, funcionario administrativo do Concello de Rábade.

Vogais:

D. Manuel Prado López, encargado da brigada municipal de obras es servizos.

D^a. Silvia Vázquez Orejas, animadora sociocultural do Concello de Rábade.


D^a. Ángeles Corral Debasa, traballadora social do Concello de Rábade.

Secretario: O Secretario-interventor da Corporación, D. Jose Angel Balseiro Amido, ou membro en quen delegue que actuará con voz pero sen voto.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 25 de xuño ás 10:00 horas no salón de plenos da casa consistorial de Rábade aos efectos da realización do correspondente concurso.

TERCEIRO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios o presente Decreto e na páxina web do concello, así como dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

En Rábade, a 24 de xuño de 2015.
O Alcalde-presidente,



Asido: Francisco Xosé Fernández Montes.

A handwritten signature in black ink, which appears to be 'Francisco Xosé Fernández Montes'. The signature is written in a cursive style and is positioned to the right of the official seal.